

Túnel do viño da D.O. Ribeira Sacra na Feira L de Lugo, mentres a Denominación leva vendimados 2.663.378 quilos

A D.O. Ribeira Sacra acode á Feira L de Lugo que celebra a súa segunda edición os días **25 e 26 de setembro** no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, en horario de 12.00 a 21.00.

Dentro da programación inclúese o **Túnel do Viño D.O. Ribeira Sacra**, para saborear o viño resultado da viticultura heroica e como protagonista por ser o única D.O. vitivinícola da provincia. Participarán da cita 30 viños de 16 adegas con diferentes tipos de viños: brancos, tintos, barrica e diferentes anadas.

A cita organizada pola Asociación de Distribuidores de Hostalería e Alimentación de Lugo pretende ser o escaparate da riqueza culinaria da provincia e aspira a converterse no evento gastronómico máis importante do noroeste peninsular.

10 días de vendima oficial e 2.663.378 quilos recolleitos

Ás portas da segunda fin de semana de vendima oficial na D.O. Ribeira Sacra, despois de comezar o 15 de setembro, as 89 adegas que vendiman nesta campaña levan recolleito **2.663.378 quilos de uva**. As cantidades por variedades distribúense do seguinte modo:

Variedades tintas

- **Mencia 1.905.597 quilos**
- Garnacha 70.925 quilos
- Merenzao 57.699 quilos
- Brancellao 19.773 quilos
- Caíno tinto 17.425 quilos
- Sousón 8.327 quilos
- Tempranillo 6.565 quilos
- Mouratón 2.835 quilos
- Grao Negro 36 quilos



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 23 de setembro 2022

Variedades brancas

- **Godello 454.526 quilos**
- Albariño 70.625 quilos
- Treixadura 34.967 quilos
- Branco Lexítimo 7.589 quilos
- Dona Branca 4.391 quilos
- Torrontés 1.163 quilos
- Loureira 935 quilos

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@riberrasacra.org